
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE AS OBRAS DE MELLORAS DOS EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS E SOCIAIS DA PARROQUIA DE FIGUEIRAS

No anterior mandato, o 1 de marzo do 2019 a Xunta de Goberno Local adxudicou á empresa Mecano Obras y Reformas as obras de mellora dos equipamentos deportivos e sociais de Figueiras para solucionar os seus problemas de accesibilidade e filtracións de auga. A contía do contrato ascendía aos 255.000 euros procedentes do POS+ 2018 da Deputación da Coruña, e incluía a construción dun muro de contención e a cobertura da pista deportiva exterior. Tamén se ían acondicionar os vestiarios e as pistas actuais, así como se pretendía dotar o espazo dunha nova pista de pádel. O prazo de execución previsto para as obras era de catro meses.

Iniciadas as obras e executadas parcialmente, xa no actual mandato a Xunta de Goberno Local decide iniciar o expediente de resolución do contrato o 7 de decembro de 2020 para finalizalo o 22 de marzo do 2021 alegando inicialmente como causa a “falta de previsión durante a preparación da oferta no proceso de licitación, ao non concertar entón o proveedor da estrutura prefabricada definida no proxecto de execución” motivación que posteriormente corríxese por “causa na demora tipificada no artigo 211.d) da LCSP”.

En todo caso, transcorridos xa varios meses desde esa resolución, e tendo en conta que o Concello está acumulando xa máis de dous anos e medio de demora na execución destas obras, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta a seguinte **PREGUNTA** para a súa resposta **ORAL**:

- **Que previsión ten o Concello de Santiago para executar as obras de mellora dos equipamentos deportivos e sociais comprometidos na parroquia de Figueiras?**

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Xan Duro Fernández



Concelleiro de Compostela Aberta